

\\\\\\\\\\\\

**PARLAMENTO
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Informe inicial de avaliación da oferta presentada no procedemento para a contratación administrativa do servizo de mantemento do programa de xestión parlamentaria

Con data de 4 de agosto de 2016 a Mesa do Parlamento de Galicia acordou aprobar os pregos e a apertura da fase de adxudicación desta contratación, mediante un procedemento negociado sen publicidade cun único empresario por razóns de exclusividade.

O 5 de setembro de 2016 foi remitida a preceptiva invitación á empresa Indra sistemas, S.A., que rematado o prazo concedido, presentou a súa oferta no Rexistro do Parlamento o 12 de setembro de 2016 co nº 52332.

Logo de analizado o contido do sobre A da empresa concorrente, realizados os trámites oportunos, e comprobado que reunía os requisitos exixidos, foi admitida a seguir no procedemento de contratación.

Os sobres "B" e "C" foron remitidos ao Servizo de Tecnoloxías da Información para o seu estudo e avaliación que, á vista a oferta presentada manifesta, mediante informe de 19 de setembro, que cumple co mínimo exixido no prego de prescricións técnicas, non ofrecendo ningunha mellora.


De conformidade co establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, o 4 de outubro de 2016 se constitúe no Pazo do Parlamento a Comisión negociadora, que se encargará de desenvolver a fase de negociación coa empresa licitadora, formada por:

- F. Javier Freire González, xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- Pedro Vila López, xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información.
- José Ramón de la Fuente Rodríguez, administrativo do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Á vista do informe do servizo de tecnoloxías a Comisión avaliadora acorda, conforme ao establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, invitar á empresa concorrente a que mellore os termos da súa oferta.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2016.


F. Javier Freire González
**PARLAMENTO
DE GALICIA**
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR


Pedro Vila López


José Ramón de la Fuente